

Falar ben, ábrenos as portas ao mundo, facilítanos a relación cos demais e permítenos estruturar as nosas ideas.

Dende que os/as nenos/as nacen, a actitude dos adultos que os rodean facilitará as súas capacidades expresivas.

Unha cousa é saber e outra saber ensinar.

(Marco Tulio Cicerón, 106 a.C-43 a.C)

Como axudar a mellorar a linguaxe dos vosos/as nenos/as



FALAMOS COS NOSOS/AS FILLOS/AS

- ✧ O/a voso/a fillo/a aprende milleiros de palabras escoitádevos falar.
- ✧ Faládelle ao neno/a da familia, dos amigos, de vosoutros...e facédeo coma se fora un adulto/a **sen utilizar unha linguaxe infantil**
- ✧ Non fagades aos vosos fillos de menos, usade as palabras axeitadas, aínda que semellen difíciles...

¡Sorprenderavos!

- ✧ O/A voso/a fillo/a ten moitas cousas que contarvos.

¡Escoitádeo!!



SOMOS UN BO EXEMPLO

- ✧ Tedes que falarlle amodo, claro, articulando ben e cunha intensidade normal.
- ✧ Procurade estar nun ambiente relaxado, evitando situacións de berros e ruídos
- ✧ Non deixedes as frases a medias e ampliade as frases dos/as vosos/as fillos/as.
- ✧ Axudádelle a pensar facéndolle preguntas, xa que preguntando tamén se aprende.
- ✧ Non respostedes polo/a voso/a fillo/a, deixádelle que se exprese libremente.
- ✧ Evitade burlas ou riñas, debido ao seu tipo de fala.
- ✧ Afastádevos de actitudes sobreprotectoras, evitando a fala infantilizada.



APRENDEMOS A LINGUAXE XOGANDO

- ✧ Ensinádelle retahilas, poesías, rimas, cancións, refráns...
- ✧ Lédelle un conto todos os días.
- ✧ Dádelle revistas, libros, usade as láminas dos contos que lles ledes...xa que observando tamén se aprende.
- ✧ Proporcionádelle novas experiencias como: visitas a novos lugares, excursións... xa que a linguaxe tamén se adquire vendo, tocando...en definitiva, tendo experiencias novas.
- ✧ Estimulade ao/á voso/a fillo/a para que xogue con outros nenos/as, con vos e tamén con el só. A través do xogo irá aprendendo palabras novas e adquirindo coñecemento e comprensión.
- ✧ Facede que participe tamén en actividades cotiás como: poñer a mesa, axudar a recoller a casa, ordenar a súa habitación...

